

*A alegría de vivir.* Henri Matisse (1905-1906),

Óleo sobre lenzo, 176 x 240 cm, Barnes Foundation, Philadelphia)



Obra de Matisse que se encadra no fauvismo. O tema é o mito da Arcadia, un país imaxinario habitado por pastores cuxas únicas tarefas eran tocar instrumentos, cantar, bailar, vaguear tirados na herba e amarse. Pinta unha obra absolutamente clásica no tema (se non temos en conta a técnica utilizada).

O resultado é dunha beleza arrebatadora, con esas árbores sinuosas que se unen na parte superior para enmarcar a escena, e os arabescos que forman os

corpos curvilíneos das figuras. Algúns destes personaxes, como os que están a bailar en círculo, reutilízaos máis tarde para outras obras, como *A danza*. Aínda que o colorido é moi intenso, é tan harmónico que resulta máis sensual que violento. É unha obra moi optimista, como case todas as que pintou Matisse ao longo da súa carreira, como se pode apreciar tamén no título do cadro.

A violencia cromática de rosas, verdes, vermellos, azuis, morados e amarelos configuran unha imaxe na que se percibe o "estalido da vida". O determinante nesta pintura e así mesmo en todo o movemento fauvista e a obra de Matisse é a procura dunha arte creada por manchas de cor que se combinen harmonicamente ao mesmo tempo que se inflúen e condicionan. Enfronta vermellos con verdes, amarelos con violetas, etc. A súa visión da arte era a dunha composición na que dispoñer de maneira decorativa os diversos elementos sen importar o tema, como el mesmo adoitaba dicir: "a relación entre os diferentes tons ha de establecerse de maneira que sexa capaz de exaltalos no canto de anulalos." Buscaba unha arte equilibrada, apacible, unha arte que fose agradable á vista. As luces e as sombras non existen, hai unha contraposición de cores complementarias, pero o único que fan é resaltarse uns a outros.

Trátase dunha composición sen ningunha lei de perspectiva ou volume, chea de figuras, independentes unhas das outras. En canto á composición, a perspectiva non xoga ningún papel.. Aínda que é certo que si existe un certo simulacro de perspectiva entre as figuras do fondo e da fronte, non utiliza unha perspectiva lineal coherente. A finalidade das figuras nas que predomina o dinamismo da curva, prolóngase e entrelaza na linearidade non menos rítmica e dinámica da paisaxe, de árbores e arbustos, carreiros, praderías e nubes,

tamén podemos observar que todas as figuras están delineadas e que non seguen os cánones de proporción establecidos ao longo da historia da arte.

O movemento da danza transmítese a todos os motivos, domina na pintura e introduce unha intensa sensación de unidade entre a natureza e os seres humanos. Todos posúen a mesma condición e esta é unha condición ditosa.

A pintura foi exhibida no Salón dos Independentes en 1906, causando a reacción do seu amigo Paul Signac que o chamou "unha pintura coas cores de repulsión".